

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE RIBADEO PARA A INSTALACIÓN DA CARPINTERÍA DO ACCESO Á PRAZA DE ABASTOS DE RIBADEO

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Ribadeo para a instalación da carpintería do acceso á Praza de Abastos de Ribadeo.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan as feiras, abastos, mercados,





lonxas e comercio ambulante.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Ribadeo o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e sen prexuízo de incluír os gastos nos que incorrese o Concello con anterioridade á sinatura deste convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico e como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ribadeo para a instalación da carpintería do acceso á Praza de Abastos de Ribadeo.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Ribadeo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a instalación da carpintería do acceso á Praza de Abastos de Ribadeo.

A Praza de Abastos de Ribadeo constitúe un servizo público de especial relevancia para o abastecemento de produtos frescos e de proximidade, así como para a dinamización do comercio tradicional e da economía social, actuando como motor da actividade económica local. Ao mesmo tempo, configúrase como un espazo de encontro, convivencia e relación social no centro urbano, contribuíndo de maneira significativa á cohesión social e á dinamización da vida cotiá da veciñanza

O inmovible no que se sitúa posúe un destacado valor histórico, arquitectónico e simbólico para a vila, ao tratarse dun edificio construído no ano 1925 segundo proxecto do arquitecto Ramiro Saiz e doado ao municipio por D. Ramón González Fernández. Esta singularidade confírelle un relevante valor patrimonial que debe ser debidamente preservado, conservado e posto en valor, garantindo ao mesmo tempo a súa funcionalidade e adaptación ás necesidades actuais dun equipamento público desta natureza.





A instalación da nova carpintería de acceso vén motivada polo desgaste derivado do uso continuado e do paso do tempo, que incide negativamente nas condicións de funcionalidade, illamento e seguridade dos accesos principais do edificio.

A súa substitución permite mellorar de forma significativa o illamento térmico, a accesibilidade e a estanqueidade do inmovible, así como optimizar a ventilación e o control das condicións ambientais interiores. Todo iso contribúe á mellora da eficiencia enerxética do edificio, á redución de perdas térmicas e a un maior confort para as persoas usuarias, ao tempo que favorece unha mellor conservación global do equipamento municipal.

Esta actuación intégrase na estratexia global de modernización e revitalización da Praza de Abastos impulsada polo Concello de Ribadeo, baseada no estudo de diagnose e necesidades realizado no ano 2025, orientado á adaptación do mercado ás demandas actuais e á consecución do Selo de Mercados Excelentes.

Neste marco, a intervención contribúe tamén a mellorar a capacidade de adaptación do mercado a novos usos e actividades, favorecendo a súa diversificación e dinamización. En particular, facilita a incorporación de novas iniciativas comerciais e de servizos, destacando a recente implantación dun novo negocio nas últimas semanas, o que reforza o papel da Praza de Abastos como un espazo vivo, competitivo e atractivo tanto para operadores como para a cidadanía.

Deste xeito, a actuación non só responde a unha necesidade de mellora estrutural, senón que tamén apoia a renovación do tecido comercial existente e a atracción de nova actividade económica, consolidando a Praza de Abastos como un equipamento estratéxico no centro urbano de Ribadeo.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de





razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ribadeo.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuacións da subvención

O proxecto obxecto do convenio consiste na instalación da carpintería do acceso á Praza de Abastos de Ribadeo, efectuando as seguintes actuacións:

- Subministro e instalación de 3 portas correderas de cristal, de dúas follas, para un paso libre de 1750 x 2140 mm Kit ensamblado LH100/1 Motor, encoder, centralita, carros, tensor, topes, tornillería. 2 Uds. Sensor dobre relé (presencia e movemento. Selector dixital de funcións. Kit electrobloqueo. Carpintería perimetral para folla móbil. Lacado en cor branca.
- Subministro e instalación de porta corredera de cristal, dunha folla, para un paso libre de 900 x 2140 mm. Kit ensamblado LH100/1 Motor, encoder, centralita, carros, tensor, topes, tornillería. 2 Uds. Sensor dobre relé (presencia e movemento. Selector dixital de funcións. Kit electrobloqueo. Carpintería perimetral para folla móbil. Lacado en cor branca.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de trinta e un mil novecentos corenta e catro (31.944 €)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I a





este convenio e do que forma parte.

Para dar cumprimento ao obxectivos deste Convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade máxima de **trinta e un mil novecentos corenta e catro (31.944 €), IVE incluído**, que representa o **100 %** do orzamento total do proxecto que constitúe o presente convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088), do orzamento de gastos da Secretaría Xeral Técnica para o exercicio 2026.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

